

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 16 de abril de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 16/04/2020
- II. Asistentes á CGIC do 16/04/2020
- III. Modificacións das guías docentes do curso 2019/20 debido á suspensión das actividades presenciais
- IV. Informe de Alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da solicitude de modificación dos plans de estudos do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Ábrese a sesión ás 13 horas Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, das modificacións das guías docentes do curso 2019/20 debido á suspensión das actividades presenciais.**

A Presidenta interésase pola saúde dos membros da comisión e comenta que nesta sesión asiste como oínte, con voz e sen voto, Miguel Ansede, membro da Delegación de Alumnado.

En primeiro lugar agradece o traballo das persoas coordinadoras das titulacións do centro e aclara a cronoloxía dos feitos:

- Desde o **13 de marzo** o centro trasladou ao profesorado a necesidade de reorganizar a docencia de xeito non presencial e comunicalo ao alumnado
- **2 de abril.** Seguindo as instrucións da VOAP, o centro habilitou o procedemento de modificación das guías docentes (materias do segundo cuadrimestre):
 - envío das propostas das persoas coordinadoras de materia (ata o 8 de abril)
 - revisión das modificacións por parte das persoas coordinadoras das titulacións (8-13 abril)
 - Aprobación en órgano Colexiado: Comisión de Calidade e Comisión Permanente (16 abril)

- **13 de abril.** A Universidade enviou á comunidade universitaria o “*Manual de urxencia para a docencia e avaliación*” no que se recollen recomendacións relativas ao desenvolvemento da docencia non presencial e ás probas de avaliación
- **14 de abril.** Resolución Reitoral que establece que as avaliacións continuas e avaliacións finais correspondentes ao actual curso académico na Universidade de Vigo se desenvolverán de xeito virtual

A Presidenta aclara que, loxicamente, salvo algunhas adaptacións de última hora, os cambios propostos nas guías non teñen en conta a Resolución Reitoral do 14 de abril, nin as recomendacións de axustes da avaliación final recollidas no manual de urxencia, e que proximamente se abrirá un prazo por se nalgunhas materias queren facerse axustes neste sentido. Indica que as modificacións das guías foron enviadas previamente aos membros da comisión e á Delegación de Alumnado (que xa trasladou á dirección algúns comentarios).

En canto as guías das materias do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM) amosa un cadro que resume as principais modificacións propostas e indica que xa foron aprobadas na CAM.

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do MUEM.

A continuación a Directora cede a palabra a David Patiño, coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía (GEE), para que expoña as principais modificacións propostas nas guías das materias deste grao. Este indica que soamente vai comentar os cambios de última hora, non recollidos na versión enviada aos membros da comisión. Concretamente nas materias *Mecánica de solos* (de segundo, común a ambos grados) e *Recursos, instalacións e centrais hidráulicas* (de terceiro, común a ambos grados) propoñen uns axustes para reducir o peso do exame final, para adaptarse ás novas directrices, e xa informaron do cambio ao seu alumnado.

Carmen Filgueira comenta que na materia *Termodinámica e transmisión de calor* o peso do exame final estaba fixado no 85%, e que o alumnado falou co profesor para pedirlle que o baixara. O coordinador aclara que o profesor é un asociado e non tiña claro se podía facer cambios unha vez rematado o prazo. En todo caso, indica que esa posible modificación quedaría para a seguinte fase de axustes e que agora hai que aprobar as modificacións presentadas.

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do GEE.

A continuación a Directora cede a palabra a María Araújo, coordinadora do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos (GERME), para que expoña as principais modificacións propostas nas guías das materias deste grao. A coordinadora comenta que algúns profesores inicialmente non contestaron porque non tiñan alumnado matriculado nas súas materias. O resto responderon todos e se adaptaron ao pedido. Poderían quedar



pendentes os eventuais axustes do peso do exame final nalgunhas materias para adaptarse ás novas directrices. Ademais, aclara que a avaliación final das materias de cuarto curso está a desenvolverse segundo o calendario previsto.

Carmen Filgueira pregunta sobre si aprobar as modificacións propostas pode afectar aos posibles cambios futuros. A Presidenta aclara que estes cambios son previos á última Resolución Reitoral e, polo tanto, non contemplan o feito de que os exames finais non van ser presenciais. Isto podería levar a que o profesorado poida querer facer algún axuste máis, polo que se abrirá un prazo para elo.

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do GERME.

A Directora agradece a labor das persoas coordinadoras, do profesorado, que respondeu en tempo e forma, e da Delegación de Alumnado polo seu ofrecemento e as súas aportacións.

2. Aprobación, se procede, do Informe de Alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da solicitude de modificación dos plans de estudos do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Presidenta lembra que o 21 de novembro se enviaron dende o centro as memorias finais e aclara que os correspondentes informes provisionais de avaliación se recibiron o 1 de abril.

Comenta que no informe provisional distínguese entre aspectos que necesariamente deben modificarse e recomendacións. O documento de alegacións proposto xa se enviou con antelación aos membros da comisión polo que centra a súa exposición nas cuestións máis relevantes do informe de cada grao e as correspondentes alegacións.

A Comisión aproba por asentimento os Informes de Alegacións aos Informes Provisionais de Avaliación das solicitudes de modificación dos plans de estudos do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 37 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezaseis de abril de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 16/04/2020



Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha sesión **EXTRAORDINARIA** que terá lugar o 16 de abril de 2020, ás 13:00 en única convocatoria. A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das modificacións das guías docentes do curso 2019/20 debido á suspensión das actividades presenciais.
2. Aprobación, se procede, do Informe de Alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da solicitude de modificación dos plans de estudos do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Vigo, 13 de abril de 2019

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (ele-De-Elle-De-6-Qu-ese-Elle)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 16/04/2020.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 16 de abril de 2020	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Diego López González	Representante da Sociedade



ANEXO III

Modificacións das guías docentes do curso 2019/20 debido á suspensión das actividades presenciais



ANEXO IV

Informe de Alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da solicitude de modificación dos plans de estudos do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos